

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11184** *Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.*

As inundacións en España constitúen o risco natural que ao longo do tempo produciu os maiores danos tanto materiais como en perda de vidas humanas.

A loita contra os efectos das inundacións foi desde hai moitos anos unha constante na política de augas e de protección civil e así o enfoque tradicional consistente en propor e executar solucións estruturais, como a construción de presas, encanamentos e diques de protección, revelouse en determinados casos insuficiente, polo que se complementou nas últimas décadas con actuacións non estruturais, tales como plans de protección civil, implantación de sistemas de alerta, corrección hidrolóxico-forestal das bacías e medidas de ordenación do territorio, para atenuar as posibles consecuencias das inundacións. Este último tipo de actuacións son menos custosas economicamente e, asemade, menos agresivas ambientalmente.

Toda esta problemática e a busca de solucións tiveron un importante apoio na nosa lexislación. Así, a seguridade das persoas e dos bens fronte ás inundacións foi recollida tanto no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, como na Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional, modificada pola Lei 11/2005, do 22 de xuño.

A Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil, desenvólvese mediante a Norma básica de protección civil, aprobada polo Real decreto 407/1992, do 24 de abril, e inclúe entre os plans especiais de protección civil que deben elaborar a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas os correspondentes ao risco por inundación. No marco desta lexislación destaca a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións, aprobada por acordo do Consello de Ministros do 9 de decembro de 1994, a cal establece o marco sobre o cal se desenvolveron os plans especiais de protección civil ante o risco de inundacións e que se pode considerar como a primeira disposición que relaciona expresamente o nivel de risco de inundación do territorio coa planificación territorial e os usos do solo.

En materia de protección da costa, parte dos preceptos previstos e impulsados por este real decreto desenvolven e complementan a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, cuxo obxecto é a determinación, protección, utilización e policía do dominio público marítimo-terrestre e, especialmente, da ribeira do mar, e o Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro, polo que se aproba o regulamento xeral para desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. Desta forma, coordínanse adecuadamente as inundacións na costa coas inundacións nas zonas de transición e as inundacións fluviais, incorporando todas elas no Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables.

Tamén, no ámbito da lexislación estatal, o Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo, establece no seu articulado a necesidade de incluír nos instrumentos de ordenación territorial mapas de riscos naturais e da realización de informes das administracións hidrolóxicas en relación coa protección do dominio público hidráulico e das costas sobre o deslindamento e a protección do dominio público marítimo-terrestre. En particular, determínase *ex lege* a situación de solo rural de todo aquel que sexa susceptible de albergar riscos de inundación, e exíxese a prevención destes riscos, tanto das administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo, na ordenación que fagan dos usos do solo, como dos propietarios dos terreos, no seu deber de os conservar.

No ámbito europeo, a Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no

ámbito da política de augas, incorporada ao noso ordenamento xurídico mediante o artigo 129 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, incluíu entre os seus obxectivos que o marco para a protección das augas debe contribuir a paliar os efectos das inundacións e secas. Aínda que estes dous importantes fenómenos extremos que se producen con certa frecuencia no territorio español non se desenvolven debidamente na citada directiva, un deles, o das inundacións, foi obxecto de desenvolvemento específico mediante a Directiva 2007/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, cuxa transposición ao ordenamento xurídico español é o obxecto deste real decreto.

Esta directiva xera novos instrumentos no ámbito comunitario para reducir as posibles consecuencias das inundacións mediante a xestión do risco, apoiada en cartografía de perigosidade e de risco.

Algún destes instrumentos xa fora incorporado á nosa lexislación mediante o Real decreto 9/2008, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento do dominio público hidráulico. En efecto, no preámbulo do citado real decreto mencionábase que a crecente e rápida presión sobre os leitos, fundamentalmente urbanística, reduce día a día o espazo fluvial, incrementa os riscos fronte ás inundacións e menoscaba a protección ambiental do dominio público hidráulico, razóns todas elas que fundamentan a necesidade de legislar adecuadamente para previr e evitar eses efectos negativos. Neste real decreto creábase o Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables, a que se alude neste texto.

O marco normativo descrito, texto refundido da Lei de augas e a citada Lei 11/2005, do Plan Hidrolóxico Nacional, así como a Lei 2/1985, de protección civil, ofrecen rango legal suficiente para a incorporación ao ordenamento interno español da citada Directiva 2007/60/CE mediante norma de rango regulamentario que se materializa neste real decreto, estritamente limitado ao mandato da directiva de reducir as consecuencias negativas, asociadas ás inundacións, para a saúde humana, o ambiente, o patrimonio cultural, a actividade económica e infraestruturas.

Este real decreto ten como principais obxectivos obter un adecuado coñecemento e avaliación dos riscos asociados ás inundacións e lograr unha actuación coordinada de todas as administracións públicas e a sociedade para reducir as consecuencias negativas das inundacións.

O texto consta dun preámbulo, seis capítulos, vinte e dous artigos e un anexo. O real decreto establece unha serie de obrigas fundamentais que se concretan na avaliación preliminar do risco de inundación, os mapas de perigosidade e de risco e os plans de xestión do risco de inundación, así como as disposicións complementarias de coordinación sectorial, participación pública e cooperación entre as distintas administracións que son necesarias para alcanzar ese obxectivo, de acordo co previsto no Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

No seu texto tívose en conta a recente creación dos «comités de autoridades competentes» nas demarcacións con bacías intercomunitarias e a normativa existente en materia de protección civil, procurando a súa coordinación cos novos plans de xestión do risco de inundación. Esta coordinación, que é tamén un mandato da directiva, esténdese á política hidráulica xeral de todas as bacías e á ordenación territorial e urbanística no necesario para facer efectiva a prevención e protección previstas nesta norma.

Os beneficios da aplicación do real decreto derivarán dun dobre efecto:

Por unha parte a introdución das novas ferramentas de xestión axilizará a implantación dos mecanismos de protección dos leitos e das zonas inundables, o que redundará en evitar ou diminuír os danos ambientais e sobre os bens e as persoas que se protexen.

Por outra parte, o conxunto de disposicións introducidas no real decreto permiten responder de modo máis eficaz ante as fortes presións de ocupación que sofren as zonas limítrofes cos leitos, o que redundará nunha diminución dos danos derivados das inundacións por enchentes.

Os plans de xestión do risco de inundación exixidos no texto inclúen os programas de medidas que cada unha das administracións debe aplicar no ámbito das súas competencias para alcanzar o obxectivo previsto de reducir as consecuencias negativas producidas polas inundacións.

Este real decreto conta co informe do Consello Asesor de Medio Ambiente, o Consello Nacional da Auga e a Comisión Nacional de Protección Civil, e na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

## Disposicións xerais

### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto regula os procedementos para realizar a avaliación preliminar do risco de inundación, os mapas de perigosidade e risco e os plans de xestión dos riscos de inundación en todo o territorio español.

2. O obxecto desta regulación é:

a) Obter un adecuado coñecemento e avaliación dos riscos asociados ás inundacións.

b) Lograr unha actuación coordinada de todas as administracións públicas e a sociedade para reducir as consecuencias negativas sobre a saúde e a seguridade das persoas e dos bens, así como sobre o ambiente, o patrimonio cultural, a actividade económica e as infraestruturas, asociadas ás inundacións do territorio a que afecten.

### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As disposicións contidas neste real decreto serán de aplicación ás inundacións ocasionadas por desbordamento de ríos, torrentes de montaña e demais correntes de auga continuas ou intermitentes, así como as inundacións causadas polo mar nas zonas costeiras e as producidas pola acción conxunta de ríos e mar nas zonas de transición.

### Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto e sen prexuízo da aplicación no que proceda das definicións contidas na lexislación de augas, costas e protección civil, enténdese por:

a) Enchente: aumento inusual do caudal de auga nun leito que pode ou non producir desbordamentos e inundacións.

b) Inundación: asolagamento temporal de terreos que non están normalmente cubertos de auga ocasionado por desbordamento de ríos, torrentes de montaña e demais correntes de auga continuas ou intermitentes, así como as inundacións causadas polo mar nas zonas costeiras e as producidas pola acción conxunta de ríos e mar nas zonas de transición.

c) Inundación nas zonas costeiras: asolagamento temporal ou permanente de terreos que non están normalmente cubertos de auga a causa de mareas, vagallóns, resacas ou procesos erosivos da liña de costa e as causadas pola acción conxunta de ríos e mar nas zonas de transición.

d) Medidas estruturais: son as consistentes na realización de obras de infraestrutura que actúan sobre os mecanismos de xeración, acción e propagación das enchentes

alterando as súas características hidrolóxicas ou hidráulicas, así como dos vagallóns, das mareas ou da erosión nas zonas costeiras.

e) Medidas non estruturais: son aquelas que, sen actuaren sobre a enchente en si ou sobre a acción do mar, modifican a susceptibilidade da zona inundable fronte aos danos por inundación.

f) Medidas de protección: aquelas actuacións, incluíndo as medidas estruturais e non estruturais, necesarias para mellorar a protección das persoas e dos bens.

g) Perigosidade por inundación: probabilidade de que aconteza unha inundación, dentro dun período de tempo determinado e nunha área dada.

h) Período de retorno: inverso da probabilidade de que nun ano se presente unha enchente superior a un valor dado.

i) Programa de medidas: conxunto de actuacións que debe levar a cabo cada administración competente para diminuír o risco de inundación en cada ámbito territorial.

j) Risco de inundación: combinación da probabilidade de que se produza unha inundación e das súas posibles consecuencias negativas para a saúde humana, o ambiente, o patrimonio cultural, a actividade económica e as infraestruturas.

k) Río: masa de auga continental que flúe na súa maior parte sobre o chan, pero que pode fluír baixo terra en parte do seu curso.

l) Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables: sistema informático que almacena o conxunto de estudos de inundabilidade realizados polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e os seus organismos de bacía, xunto a aqueles que proporcionen as comunidades autónomas e as administracións locais.

m) Zona inundable: considérase zona inundable os terreos que poidan resultar inundados polos niveis teóricos que alcanzarían as augas nas enchentes cuxo período estatístico de retorno sexa de 500 anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas nos lagos, lagoas, encoros, ríos ou regatos, así como as inundacións nas zonas costeiras e as producidas pola acción conxunta de ríos e mar nas zonas de transición. Estes terreos cumpren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante tales enchentes ou de resguardo contra a erosión.

n) Zona costeira inundable: zona adxacente á liña de costa susceptible de ser alcanzada pola auga do mar a causa das mareas, dos vagallóns, das resacas ou dos procesos erosivos da liña de costa, e as causadas pola acción conxunta de ríos e mar nas zonas de transición.

o) Zona de fluxo preferente: é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a enchente de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as zonas. Na delimitación da zona de fluxo preferente empregárase toda a información de índole histórica e xeomorfolóxica existente, co fin de garantir a adecuada coherencia dos resultados coas evidencias físicas dispoñibles sobre o comportamento hidráulico do río, e a acción combinada co mar na zona de transición.

#### Artigo 4. *Administracións competentes.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, o Ministerio do Interior, as comunidades autónomas e as administracións locais, no ámbito das súas respectivas competencias, asumirán o impulso e o desenvolvemento xeral da avaliación e xestión do risco de inundacións, actuando como promotores da cooperación interadministrativa nesta materia.

2. As distintas administracións públicas, dentro das súas respectivas competencias, elaborarán os programas de medidas e desenvolverán as actuacións derivadas deles no ámbito dos plans de xestión do risco de inundación, impulsando a coordinación entre os seus organismos.

## CAPÍTULO II

**Avaliación preliminar do risco de inundación**

Artigo 5. *Obxectivo da avaliación preliminar do risco de inundación.*

En cada demarcación hidrográfica realizarase unha avaliación preliminar do risco de inundación co obxecto de determinar aquelas zonas do territorio para as cales se chegase á conclusión de que existe un risco potencial de inundación significativo ou nas cales a materialización dese risco se pode considerar probable.

Artigo 6. *Contido mínimo da avaliación preliminar do risco de inundación.*

Sobre a base da información de que se dispoña ou que se poida deducir con facilidade, incluíndo o impacto do cambio climático, elaborárase a avaliación preliminar do risco de inundación, que terá como mínimo o seguinte contido:

a) Mapas da demarcación hidrográfica onde se representen os límites das bacías ou subbacías hidrográficas e, cando existan, as zonas costeiras, mostrando a topografía e os usos do solo.

b) Unha descrición das inundacións acontecidas no pasado que tivesen impactos negativos significativos para a saúde humana, o ambiente, o patrimonio cultural, a actividade económica e as infraestruturas asociadas ás inundacións que teñan unha probabilidade significativa de volver a producirse, cunha indicación da súa extensión e das vías de evacuación de tales inundacións, e unha avaliación das repercusións negativas que provocasen.

c) Unha descrición das inundacións de importancia acontecidas no pasado cando se poidan prever consecuencias adversas de futuros acontecementos similares.

d) Naqueles casos en que a información dispoñible sobre inundacións acontecidas no pasado non sexa suficiente para determinar as zonas sometidas a un risco potencial de inundación significativo, incluírase unha avaliación das consecuencias negativas potenciais das futuras inundacións tendo en conta, sempre que sexa posible, factores como a topografía, a localización dos cursos de auga e as súas características hidrolóxicas e xeomorfolóxicas xerais, incluídas as chairas aluviais como zonas de retención naturais, a eficacia das infraestruturas artificiais existentes de protección contra as inundacións e a localización das zonas poboadas e das zonas de actividade económica. Así mesmo, terase en conta o panorama de evolución a longo prazo, tomando en consideración as posibles repercusións do cambio climático na incidencia das inundacións a partir da información subministrada polas administracións competentes na materia.

e) No caso das inundacións causadas polas augas costeiras e de transición, teranse en conta tamén a batimetría da franxa marítima costeira, os procesos erosivos da zona e a tendencia no ascenso do nivel medio do mar e outros efectos na dinámica costeira por efecto do cambio climático.

Artigo 7. *Elaboración da avaliación preliminar do risco de inundación.*

1. Os organismos de bacía, en colaboración coas autoridades de Protección Civil das comunidades autónomas e da Administración xeral do Estado e outros órganos competentes das comunidades autónomas, ou as administracións competentes nas bacías intracomunitarias, realizarán a avaliación preliminar do risco de inundación, e integrarán a que elaboren as administracións competentes en materia de costas, para as inundacións causadas polas augas costeiras e de transición.

2. A avaliación preliminar do risco de inundación realizarase a partir da información dispoñible a que alude o artigo 6, tendo en conta as circunstancias actuais de ocupación do solo, a existencia de infraestruturas e actividades para protección fronte a inundacións e a información subministrada polo Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables e polas administracións competentes na materia.

3. No caso das zonas costeiras, se a información sobre inundacións históricas non é suficiente, a avaliación preliminar do risco basearase na topografía e batimetría, no clima marítimo (ondadas medias e extremas, mareas, etc.), tomando en consideración os estudos previos que se realizasen ao respecto e, no posible, outros efectos derivados do cambio climático.

4. O resultado da avaliación preliminar do risco de inundación someterase a consulta pública durante un prazo mínimo de tres meses. A avaliación preliminar do risco de inundación, unha vez analizadas as alegacións, someterase ao informe do Comité de Autoridades Competentes regulado no Real decreto 126/2007, do 2 de febreiro, ou organismo equivalente nas bacías intracomunitarias.

5. Nas bacías intercomunitarias, o organismo de bacía remitirá a avaliación preliminar do risco de inundación para a súa aprobación ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o cal, previamente a esta aprobación, a remitirá á Comisión Nacional de Protección Civil para o seu informe.

6. Nas bacías intracomunitarias, o organismo que aprobase a avaliación preliminar do risco de inundación, integrando a avaliación elaborada polas administracións competentes en materia de costas, remitiráa ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para a súa remisión á Comisión Europea.

7. Nas demarcacións hidrográficas internacionais, para a avaliación preliminar do risco de inundación intercambiarase a información pertinente cos países afectados.

8. A avaliación preliminar do risco de inundación concluirá antes do 22 de decembro de 2011.

### CAPÍTULO III

#### Mapas de perigosidade e de risco de inundación

##### Artigo 8. *Mapas de perigosidade por inundación.*

1. Para cada demarcación hidrográfica elaboraranse mapas de perigosidade por inundación para as zonas determinadas consonte o artigo 5. Estes mapas recollerán, polo menos, os escenarios seguintes:

- a) Alta probabilidade de inundación, cando proceda.
- b) Probabilidade media de inundación (período de retorno maior ou igual a 100 anos).
- c) Baixa probabilidade de inundación ou escenario de eventos extremos (período de retorno igual a 500 anos).

2. Nas zonas costeiras onde exista un nivel adecuado de protección, o mapa de perigosidade limitarase ao escenario de baixa probabilidade de inundación.

3. Para cada un dos escenarios anteriores os mapas deberán conter:

- a) Extensión previsible da inundación e calados da auga ou nivel de auga, segundo proceda.
- b) Naqueles casos en que se considere necesario, poderase incluír tamén información adicional relevante como os caudais e/ou velocidades máximas alcanzadas pola corrente na zona inundable.
- c) Nas inundacións causadas polas augas costeiras e de transición reflectirase o réxime de ondadas e de mareas, así como as zonas sometidas a procesos erosivos e as tendencias na subida do nivel medio do mar como consecuencia do cambio climático.

4. Adicionalmente, nos mapas de perigosidade representarase a delimitación dos leitos públicos e das zonas de servidume e policía, a zona de fluxo preferente de ser o caso, a delimitación da zona de dominio público marítimo-terrestre, a ribeira do mar en caso de que difira daquela e a súa zona de servidume de protección.

**Artigo 9. Mapas de risco de inundación.**

Para cada demarcación hidrográfica elaboraranse mapas de risco de inundación para as zonas identificadas na avaliación preliminar do risco. Os mapas de risco de inundación incluírán, como mínimo, a información seguinte para cada un dos escenarios especificados no artigo anterior:

- a) Número indicativo de habitantes que se poden ver afectados.
- b) Tipo de actividade económica da zona que se pode ver afectada.
- c) Instalacións industriais a que se refire o anexo I da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrado da contaminación que poidan ocasionar contaminación accidental en caso de inundación, así como as estacións depuradoras de augas residuais.
- d) Zonas protexidas para a captación de augas destinadas ao consumo humano, masas de auga de uso recreativo e zonas para a protección de hábitats ou especies que poden resultar afectadas.
- e) Calquera outra información que se considere útil, como a indicación de zonas en que se poidan producir inundacións con alto contido de sedimentos transportados e fluxos de derrubas e información sobre outras fontes importantes de contaminación. Poderase tamén analizar a infraestrutura viaria ou doutro tipo que se poida ver afectada pola inundación.

**Artigo 10. Disposicións comúns á cartografía de perigosidade e de risco de inundación.**

1. Os organismos de bacía nas bacías intercomunitarias e as administracións competentes nas bacías intracomunitarias realizarán, en colaboración coas autoridades de Protección Civil, os mapas de perigosidade e de risco de inundación, estes últimos a partir da información facilitada polas comunidades autónomas en relación co establecido no artigo 9 ou outra información ou criterios de referencia indicados para a protección civil. Neles integraranse os que elaboren as administracións competentes en materia de costas, para as inundacións causadas polas augas costeiras e de transición.

2. Os mapas de perigosidade e de risco de inundación someteranse a consulta pública durante un prazo mínimo de tres meses. Unha vez analizadas as alegacións, someteranse a informe do Comité de Autoridades Competentes ou organismo equivalente nas bacías intracomunitarias e posteriormente remitiranse ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

3. A información recollida nas cartografías de perigosidade e de risco de inundación integrarase no Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables e, co fin de que teña a condición de cartografía oficial, inscribírase no Rexistro Central de Cartografía de conformidade co establecido no Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional.

4. Os mapas de perigosidade e de risco de inundación constituirán a información fundamental en que se basearán os plans de xestión do risco de inundación.

5. Nas demarcacións hidrográficas correspondentes ás bacías hidrográficas compartidas con outros países intercambiarase a información pertinente cos países afectados.

6. Os mapas de perigosidade e de risco de inundación deberanse elaborar antes do 22 de decembro de 2013.

**CAPÍTULO IV****Plans de xestión do risco de inundación****Artigo 11. Principios reitores e obxectivos.**

1. Os plans de xestión do risco de inundación débense elaborar partindo dos seguintes principios xerais:

a) Solidariedade: as medidas de protección contra as inundacións non deben afectar negativamente outras demarcacións hidrográficas ou a parte non española da demarcación hidrográfica, no caso de bacías hidrográficas compartidas con outros países, a menos que tal medida se coordinase e se alcanzase unha solución acordada entre as partes interesadas.

b) Coordinación entre as distintas administracións públicas e institucións implicadas en materias relacionadas coas inundacións, a partir dunha clara delimitación dos obxectivos respectivos.

c) Coordinación con outras políticas sectoriais, entre outras, ordenación do territorio, protección civil, agricultura, forestal, minas, urbanismo ou ambiente, sempre que afecten a avaliación, prevención e xestión das inundacións.

d) Respecto ao ambiente: evitando a deterioración inustificada dos ecosistemas fluviais e costeiros e potenciando as medidas de tipo non estrutural contra as inundacións.

e) Proposta estratéxica con criterios de sustentabilidade a longo prazo.

2. Os organismos de bacía nas bacías intercomunitarias, as administracións competentes nas bacías intracomunitarias, as administracións competentes en materia de costas e as autoridades de Protección Civil establecerán os obxectivos da xestión do risco de inundación para cada zona determinada no artigo 5, centrando a súa atención na redución das consecuencias adversas potenciais da inundación para a saúde humana, o ambiente, o patrimonio cultural, a actividade económica e as infraestruturas.

3. Os plans de xestión do risco de inundación terán en conta aspectos pertinentes tales como os custos e beneficios, a extensión da inundación e as vías de evacuación de inundacións, as zonas con potencial de retención das inundacións, as chairas aluviais naturais, os obxectivos ambientais indicados no artigo 92 bis do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, a xestión do solo e da auga, a ordenación do territorio, o uso do solo, a conservación da natureza e a navegación e as infraestruturas de portos.

4. Os plans de xestión do risco de inundación abarcarán todos os aspectos da xestión do risco de inundación e centraranse na prevención, protección e preparación, incluídos a previsión de inundacións e os sistemas de alerta temperá, e tendo en conta as características da bacía ou subbacía hidrográfica considerada. Os plans de xestión do risco de inundación poderán incluír, así mesmo, a promoción de prácticas de uso sustentable do solo, medidas para a restauración hidrolóxico-agroforestal das bacías, a mellora da retención de augas e a inundación controlada de determinadas zonas en caso de inundación.

5. Os plans de xestión do risco de inundación incluírán medidas para alcanzar os obxectivos establecidos no punto 2 deste artigo, e conterán, polo menos, o establecido na parte A do anexo deste real decreto.

#### Artigo 12. *Ámbito territorial dos plans de xestión do risco de inundación.*

1. O ámbito territorial dos plans de xestión do risco de inundación será o das demarcacións hidrográficas.

2. Dentro de cada demarcación hidrográfica serán obxecto dos plans de xestión do risco aquelas zonas determinadas na avaliación preliminar do risco. O desenvolvemento dos plans basearase nas cartografías de perigosidade e risco elaboradas para estas zonas.

3. Nas demarcacións hidrográficas internacionais establecerase a necesaria coordinación na elaboración e execución dos plans de xestión do risco de inundación que cubran as partes da demarcación hidrográfica internacional situada en cada territorio.

#### Artigo 13. *Procedemento de elaboración e aprobación dos plans.*

1. A elaboración e revisión dos programas de medidas será realizada pola administración competente en cada caso, que os deberá aprobar, no ámbito das súas competencias, con carácter previo á aprobación do plan polo Goberno da Nación. A



inclusión dos programas de cada administración competente dentro do plan de xestión non eximirá, en ningún caso, da responsabilidade específica que ten asumida cada administración dentro da repartición de competencias legalmente establecida.

2. Os organismos de bacía e as administracións competentes nas bacías intracomunitarias, coa cooperación do Comité de Autoridades Competentes ou órgano equivalente nas bacías intracomunitarias, coordinadamente coas autoridades de Protección Civil, integrarán nos plans os programas de medidas elaborados pola administración competente en cada caso, garantindo a adecuada coordinación e compatibilidade entre eles para alcanzar os obxectivos do plan e dotarano do contido establecido no anexo deste real decreto.

3. As administracións competentes someterán a información pública durante un prazo mínimo de tres meses o contido do plan e os seus programas de medidas.

4. Os organismos de bacía, ou as administracións competentes nas bacías intracomunitarias, elevarán o plan ao Goberno da Nación, por proposta dos ministerios de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e Interior, para a súa aprobación mediante real decreto, de acordo coa repartición de competencias legalmente establecida.

5. Previamente á aprobación por parte do Goberno, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño remitirá o plan ao Consello Nacional da Auga e á Comisión Nacional de Protección Civil para o seu informe.

6. Os plans de xestión do risco de inundación serán obxecto do procedemento de avaliación ambiental estratéxica conforme o establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

7. Os plans de xestión do risco de inundación aprobaranse e publicaranse antes do 22 de decembro de 2015.

## CAPÍTULO V

### Coordinación, información e consulta pública

#### Artigo 14. *Coordinación cos plans hidrolóxicos de bacía.*

1. Os plans hidrolóxicos de bacía, no marco do artigo 42 do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, incorporarán os criterios sobre estudos, actuacións e obras para previr e evitar os danos debidos a inundacións, enchentes e outros fenómenos hidráulicos a partir do establecido nos plans de xestión de risco de inundación.

2. Os plans de xestión do risco de inundación incorporarán un resumo do estado e os obxectivos ambientais de cada masa de auga con risco potencial significativo por inundación.

3. A elaboración dos primeiros plans de xestión do risco de inundación e as súas revisións posteriores realizaranse en coordinación coas revisións dos plans hidrolóxicos de bacía e poderanse integrar nesas revisións.

#### Artigo 15. *Coordinación con outros plans.*

1. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística, na ordenación que fagan dos usos do solo, non poderán incluír determinacións que non sexan compatibles co contido dos plans de xestión do risco de inundación, e recoñecerán o carácter rural dos solos nos cales concorran tales riscos de inundación ou doutros accidentes graves.

2. Os plans de protección civil existentes adaptaranse de forma coordinada para considerar a inclusión neles dos mapas de perigosidade e risco, e ao contido dos plans de xestión do risco de inundación. Os plans de protección civil que se elaboren redactaranse de forma coordinada e mutuamente integrada nos mapas de perigosidade e risco e no contido dos plans de xestión do risco de inundación.

3. Os plans de desenvolvemento agrario, de política forestal, de infraestrutura do transporte e demais que teñan incidencia sobre as zonas inundables, deberán tamén ser compatibles cos plans de xestión do risco de inundación.

**Artigo 16. Participación pública.**

As administracións competentes fomentarán a participación activa das partes interesadas no proceso de elaboración, revisión e actualización dos programas de medidas e plans de xestión do risco de inundación. O proceso de elaboración dos programas de medidas e plans de xestión do risco de inundación incorporará os requirimentos establecidos na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, en particular aqueles referentes á subministración activa de información substantiva para o proceso planificador. Esta información deberá estar accesible nas páxinas electrónicas das administracións competentes e, ao menos, nas do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e do Ministerio do Interior.

**Artigo 17. Execución dos programas de medidas.**

1. Os programas de medidas que inclúan obras e actuacións concretas incorporados aos plans de xestión do risco de inundación considéranse de utilidade pública para os efectos previstos na lexislación de expropiación forzosa.

2. Cando interveñan varias administracións públicas na execución das medidas contidas no plan, o seu desenvolvemento aterase aos acordos ou convenios de colaboración subscritos para o efecto.

3. No caso de que a execución corresponda a unha única administración, esta informará sobre o seu desenvolvemento ao menos unha vez ao ano ao comité de autoridades competentes nas demarcacións con bacías intercomunitarias, e ao organismo que para o efecto determinen as comunidades autónomas nas demarcacións con bacías intracomunitarias.

## CAPÍTULO VI

**Outras disposicións****Artigo 18. Cooperación interadministrativa.**

A Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as administracións locais terán en conta o contido da avaliación preliminar do risco de inundación, dos mapas de perigosidade e de risco de inundación e dos plans de xestión do risco de inundación no exercicio das súas respectivas competencias, co fin de garantir a seguridade das persoas e dos bens.

**Artigo 19. Comunicacions.**

Os organismos de bacía e as administracións competentes nas bacías intracomunitarias remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño:

- a) A avaliación preliminar do risco de inundación, nas bacías intercomunitarias antes do 1 de xuño de 2011 e nas bacías intracomunitarias antes do 1 de outubro de 2011.
- b) Os mapas de perigosidade e de risco de inundación antes do 1 de xuño de 2013.
- c) Os plans de xestión do risco de inundación antes do 1 de xuño de 2015.

**Artigo 20. Cooperación internacional.**

1. Cooperación con Portugal. Naquelas demarcacións hidrográficas con bacías compartidas con Portugal articularanse mecanismos de cooperación e coordinación para alcanzar os obxectivos dos plans de xestión do risco de inundación. Para iso utilizaranse as estruturas existentes derivadas do Convenio sobre cooperación para a protección e aproveitamento sustentable das augas nas bacías hispano-portuguesas, feito en Albufeira o 30 de novembro de 1998. A cooperación respecto ás inundacións costeiras articularase de acordo co que se conveña entre as dúas partes.

2. Cooperación con Francia. Naquelas demarcacións hidrográficas con bacías compartidas con Francia articularanse mecanismos de cooperación e coordinación para alcanzar os obxectivos dos plans de xestión do risco de inundación, incluíndo tamén os ríos que non se inclúen nas demarcacións hidrográficas correspondentes ás bacías hidrográficas compartidas con outros países.

3. Cooperación con Andorra. Establecerase a adecuada cooperación con Andorra co fin de lograr os obxectivos do plan de xestión de inundacións naquela demarcación hidrográfica con bacías compartidas con ese país.

4. Cooperación con Marrocos. Establecerase a adecuada cooperación con Marrocos, nas demarcacións hidrográficas de Ceuta e Melilla, co fin de lograr os obxectivos dos plans de xestión do risco de inundación.

#### Artigo 21. *Actualizacións e revisións.*

1. A avaliación preliminar de risco de inundacións actualizarase como máis tarde o 22 de decembro de 2018 e, a continuación, cada seis anos.

2. Os mapas de perigosidade por inundacións e os mapas de risco de inundación revisaranse e, se for preciso, actualizaranse como máis tarde o 22 de decembro de 2019 e, a continuación, cada seis anos.

3. Os plans de xestión do risco de inundación, incluídos os compoñentes indicados na parte B do anexo, revisaranse e actualizaranse como máis tarde o 22 de decembro de 2021 e, a continuación, cada seis anos.

4. As posibles repercusións do cambio climático na incidencia de inundacións tomaranse en consideración nas revisións da avaliación preliminar e nos plans de xestión do risco de inundación.

#### Artigo 22. *Notificacións á Comisión Europea.*

Correspóndelle ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño proporcionar á Comisión Europea a avaliación preliminar do risco de inundación, os mapas de perigosidade por inundacións, os mapas de risco de inundación e os plans de xestión do risco de inundación, así como as súas revisións e, de ser o caso, as súas actualizacións, nun prazo de tres meses a partir das datas indicadas no artigo 7 punto 8, artigo 10 punto 6, artigo 13 punto 7 e artigo 21.

#### Disposición transitoria primeira. *Avaliacións, cartografías e plans de xestión de risco existentes.*

1. Poderá non realizarse a avaliación preliminar do risco de inundación mencionada no artigo 5 para as bacías ou subbacías hidrográficas ou as zonas costeiras respecto das cales:

a) Xa se realizase unha avaliación do risco e se chegase á conclusión, antes do 22 de decembro de 2010, de que existe un risco potencial de inundación significativo ou de que cabe considerar que a materialización dese risco é probable, e iso levase a incluír a zona en cuestión entre as zonas sinaladas no artigo 5.

b) Se decida antes do 22 de decembro de 2010 elaborar mapas de perigosidade por inundacións e mapas de risco de inundación e establecer plans de xestión do risco de inundación de acordo coas correspondentes disposicións deste real decreto.

2. Poderanse utilizar os mapas de perigosidade de inundacións e os mapas de risco de inundación finalizados antes do 22 de decembro de 2010 se eses mapas proporcionan un nivel de información equivalente ao establecido neste real decreto.

3. Poderanse utilizar os plans de xestión do risco de inundación finalizados antes do 22 de decembro de 2010 sempre que o contido deses plans sexa equivalente ao establecido neste real decreto.

4. Para aplicar o exposto nesta disposición transitoria utilizarase o procedemento administrativo abreviado seguinte:

a) En relación co exposto no punto 1, unicamente será necesaria a realización dunha consulta pública durante quince días da documentación xerada conforme o punto 1 do artigo 7 e o informe da Comisión Nacional de Protección Civil ou órgano equivalente nas bacías intracomunitarias, de forma previa ao envío da documentación á Comisión Europea por parte do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

b) En relación co exposto no punto 2, unicamente será necesaria a consulta pública durante quince días e o informe do comité de autoridades competentes ou organismo equivalente nas bacías intracomunitarias, previo ao envío da documentación á Comisión Europea por parte do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

c) En relación co exposto no punto 3, o procedemento será o mesmo que o descrito no artigo 13.

Disposición transitoria segunda. *Previsións para a integración de directrices europeas.*

Tendo en conta os prazos de revisión e actualización dos plans de xestión do risco de inundación, os organismos de bacía ou as administracións competentes nas bacías intracomunitarias poderán adaptar o seu contido ao progreso científico e técnico de acordo coas directrices da Comisión. Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar o anexo para se adaptar ao disposto na normativa comunitaria.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta norma.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

1. Este real decreto ten carácter de lexislación básica pois dítase ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución para ditar as bases da actividade económica e de protección do ambiente, respectivamente, salvo os artigos 14, 15, 19 e 21 que se ditan con base na competencia exclusiva que corresponde ao Estado en materia de seguridade pública, conforme o artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, e o artigo 20, que se dita en virtude do disposto no artigo 149.1.3.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de relacións internacionais.

2. As competencias que se atribúen aos organismos de bacía neste real decreto enmárcanse na cláusula 22.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que lle outorga ao Estado a competencia exclusiva en materia de recursos e aproveitamentos hidráulicos das augas intercomunitarias.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2007/60/CE do Parlamento e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xullo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## ANEXO

### Parte A: Contido dos plans de xestión do risco de inundación

- I. Compoñentes dos primeiros plans de xestión do risco de inundación:
  - a) As conclusións da avaliación preliminar do risco de inundación.
  - b) Os mapas de perigosidade e os mapas de risco de inundación.
  - c) Unha descrición dos obxectivos da xestión do risco de inundación na zona concreta a que afectan.
    - d) Un resumo dos criterios especificados polo plan hidrolóxico de bacía sobre o estado das masas de auga e os obxectivos ambientais fixados para elas nos tramos con risco potencial significativo por inundación.
    - e) Un resumo do contido dos plans de protección civil existentes.
    - f) Unha descrición dos sistemas e medios dispoñibles na bacía para a obtención de información hidrolóxica en tempo real durante os episodios de enchente, así como dos sistemas de predición e axuda ás decisións dispoñibles.
    - g) Un resumo dos programas de medidas, con indicación das prioridades entre eles, que cada Administración pública, no ámbito das súas competencias, aprobou para alcanzar os obxectivos previstos. Estes programas de medidas poderanse subdividir en subprogramas en función dos órganos administrativos encargados da súa elaboración, aprobación e execución.
    - h) O conxunto de programas de medidas, formadas estas por medidas preventivas e paliativas, estruturais ou non estruturais, deberán recoller, no posible, as seguintes:
      1. Medidas de restauración fluvial, conducentes á recuperación do comportamento natural da zona inundable, así como dos seus valores ambientais asociados e as medidas para a restauración hidrolóxico-agroforestal das bacías con obxecto de reducir a carga sólida arrastrada pola corrente, así como de favorecer a infiltración da precipitación.
      2. Medidas de mellora da drenaxe de infraestruturas lineais, que incluírán a descrición dos posibles tramos cunha insuficiente drenaxe transversal, así como doutras infraestruturas que supoñan un grave obstáculo ao fluxo, e as medidas previstas para a súa adaptación.
      3. Medidas de predición de enchentes, que incluírán ao menos:

As medidas adoptadas para o desenvolvemento ou mellora de ferramentas para predición ou de axuda ás decisións relativas a enchentes, temporais marítimos ou erosión costeira.

As normas de xestión dos encoros durante as enchentes.
  4. Medidas de protección civil, que incluírán ao menos:

As medidas de coordinación cos plans de protección civil e os protocolos de comunicación da información e predicións hidrolóxicas dos organismos de bacía ás autoridades de protección civil.

As medidas propostas para a elaboración dos plans de protección civil en caso de que estes non estean redactados.
  5. Medidas de ordenación territorial e urbanismo, que incluírán ao menos:

As limitacións aos usos do solo propostas para a zona inundable nos seus diferentes escenarios de perigosidade, os criterios empregados para considerar o territorio como non urbanizable e os criterios construtivos exixidos ás edificacións situadas en zona inundable.

As medidas previstas para adaptar o planeamento urbanístico vixente aos criterios propostos no plan de xestión do risco de inundación, incluída a posibilidade de retirar construcións ou instalacións existentes que supoñan un grave risco, para o cal a súa expropiación terá a consideración de utilidade pública.

6. Medidas consideradas para promocionar os seguros fronte a inundación sobre persoas e bens e, en especial, os seguros agrarios.

7. Medidas estruturais propostas e estudos custo-beneficio que as xustifican, así como as posibles medidas de inundación controlada de terreos.

i) Aestimación do custo de cada unha das medidas incluídas no plan, e a administración ou administracións responsables de executar os distintos programas de medidas, así como do seu financiamento.

II. Descrición da execución do plan de xestión do risco de inundación:

a) As prioridades establecidas entre as distintas medidas, os indicadores do cumprimento e avance do plan de xestión do risco de inundación e a maneira en que se supervisarán os progresos na súa execución.

b) Un resumo dos procesos de información pública e de consulta que se aplicasen durante a súa tramitación, os seus resultados e os cambios conseguintes efectuados no plan de xestión do risco de inundación.

c) Descrición do proceso de coordinación nas demarcacións internacionais e do proceso de coordinación coa Directiva marco da auga.

d) Unha lista das autoridades competentes.

## **Parte B: Componentes das actualizacións posteriores dos plans de xestión do risco de inundación**

a) Toda modificación ou actualización desde a publicación da versión anterior do plan de xestión do risco de inundación, cun resumo das revisións realizadas de conformidade co artigo 21.

b) Unha avaliación dos avances realizados na consecución dos obxectivos indicados no artigo 11, punto 2.

c) Unha descrición das medidas previstas na versión anterior do plan de xestión do risco de inundación cuxa realización se previu e que non se levaron a cabo, e unha explicación dos motivos.

d) Unha descrición de calquera medida adicional adoptada desde a publicación da versión anterior do plan de xestión do risco de inundación.